

Num. 270



Marzo 2009

Periódico labrego de información técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

ESPAÑA



FRANQUEO
CONCERTADO

F.C. NÚM. 15000077

Só loitando poderemos avanzar



Do seis ao oito de marzo tivo lugar en Pontevedra o Encontro Anual da Secretaría das Mulleres do SLG. Unha Secretaría que traballa por eliminar todos os atrancos e discriminacións que

afectan á vida das mulleres labregas: trabas para cotizar á Seguridade Social Agraria por teren poucos ingresos, o acceso á titularidade compartida nas explotacións, ou a non equiparación nas contías das Primas

de Incorporación á actividade agraria dos expedientes de cónxuxes, foron algunhas das problemáticas tratadas recentemente. Falamos coa súa responsábel, Isabel Vilalba Seivane.

Páxs. 2 e 3



mobilización

16 de abril

manifestación unitaria do sector leiteiro en Madrid
POR UN PREZO XUSTO PARA O NOSO LEITE !!

Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servizos Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Vera-Cruz Montoto Vázquez
Colaboracións: Sandra
Varela, Carme Freire, Lidia
Senra, Manuel Docampo,
Isabel Vilalba, Diego Sánchez
Agra e Charo Sánchez Parga.

Deseño e maquetación:

Xosé García e Vera Montoto

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570

www.sindicatolabrego.com

Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

R/ Touro nº 21, 1º. Tif. 981 588532

MELIDE - Praza do Convento nº2

ARZÚA - R/ Padre Pardo nº24, 1º D

Tifno. 981 508 177

MUXIA - Antiga autoescola Quintáns

CARBALLO - Río Sil nº 52. Baixo. 981

703169

SANTA COMBA - R/ Lugo, nº9, entr. esq.

Tif/Fax. 981 880909

ORDES - R/ Nova nº 38, 1º, 15680.

Tif. 981 682908

PONTE CARREIRA - Bar O Taxista

BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,

1º. Tif. 981 773377

TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º

esq / Tifno. 981 789 781

SAN SADURNINO - Lugar de Outeiro s/n

981 490430

AS PONTES - R/ Balsa nº 28

O BARCO - Casa sindical

Tif. 988 321511 / Fax: 988326723

CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.

Tif. 630 970 131

O CARBALLIÑO - Casa sindical

Tif. 630 970 131

VERIN - Travesía de Soutas nº 20,

Galerías Maga Tif. 988 590438; Fax 988

590439

RIBADAVIA - CIG Casa Sindical.

Tif. 988 477230

Fax. 988477230

XINZO - Casa Sindical Tif. 988 462547

TRIVES - CIG Casa Sindical

Teléfono 699 924 634

VIANA DO BOLO - Antigo centro de saúde.

Tifno. 629 621 047

LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, entr.

Tif. 982 231154

MONFORTE - Local da CIG en AISS. Tif.

982 403005

SARRIA - Rúa Nova 60, entrechán.

982 533672

CHANTADA - Praza do Concello, baixos

AISS Tif/Fax. 982 462103

A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tif.

982 350 080

ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria

RIBADEO - Av. de Galiza nº20, 3º. AISS

Tif/Fax. 982 130615

LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tif.

982 121376

VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.

Tif. 982 512431

MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño

Entrechán E. Tif/Fax: 986792268.

A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º

Tif/Fax 986 573232

LALIN - Arenal nº1, 1º andar. Tif. 986 792

268

SILLEDA - Av. do Parque, 32

Centro comercial O Parque, oficina 12

986 590526

PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros, portal

1ºA, 1ºC. 986 641508

Martes a xoves, de 10.00 a 13.00

O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edif.

Rosales. Tif. 986 625 394

O SALNÉS

Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,

Ribadumia. Tif. 986 711825

Isabel Vilalba, Responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG

“A falla de servizos públicos no rural empeora especialmente a calidade de vida das mulleres”



■ Isabel Vilalba Seivane vive no Val de Lourenzá, na Mariña de Lugo, co seu cónxuxe, o seu fillo de 5 anos a súa filla de 3 anos, e A súa nai.

■ Ten unha sociedade civil co seu cónxuxe adicada á produción de leite con 54 cabezas, na actualidade 27 vacas en ordeño, e aproximadamente 2 hectáreas destinadas ao cultivo de faba de Lourenzá.

■ É membro da Executiva do S.L.G. e responsable da Secretaría das Mulleres, así como do tema dos Servizos ao medio rural e Soberanía Alimentaria. No ano 2007 participou no Foro de Soberanía Alimentaria de Nyeleni (Mali), así como na V Conferencia da Vía Campesina en Maputo (Mozambique) en outubro do 2008. Actualmente forma parte do grupo de traballo de Vía Campesina en Europa sobre Política Agraria Común e Soberanía Alimentaria e representa ao S.L.G. no Consello Agrario Galego, no Consello Económico e Social, e en redes como a Marcha Mundial das Mulleres ou a Iniciativa pola Soberanía Alimentaria.

■ Vostede é a responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, cales son os obxectivos desta Secretaría?

As reivindicacións profesionais constitúen un dos eixos fundamentais do traballo da Secretaría das Mulleres.

A defensa de moitas mulleres ás que se lles está a poñer trabas para cotizar á Seguridade Social Agraria por teren poucos ingresos, o acceso á titularidade compartida nas explotacións agrarias e gandeiras, o dereito a recibir as axudas de 100 euros para nais traballadoras con fillos e fillas menores de 3 anos, ou a equiparación nas contías das Primas de Incorporación á actividade agraria dos expedientes de cónxuxes (maoritariamente mulleres) foron algúns dos temas que levamos adiante

recentemente.

Preocúpannos o acceso da poboación rural e das mulleres, por suposto, a servizos públicos de calidade, participando por exemplo en redes veciñais que loitan por manter centros de ensino nas zonas do rural, e a políticas sociais axeitadas.

Nese sentido, conseguimos que se admitise a cotización á Seguridade Social Agraria para os coidadores e coidadoras que reciben as prestacións da Lei de Dependencia.

■ Recentemente o SLG denunciou que o Decreto de Titulariedade Compartida é na realidade sómentes un rexistro, e non cumpre co obxectivo de acadar unha igualdade verdadeira. Cales serán as accións ao respecto?

O informe do Consello de

Estado, que coincide totalmente co apuntado polo Sindicato Labrego Galego nas súas alegacións, resulta moi claro nese aspecto: é imprescindible poñer en marcha outras modificacións con rango de lei para facer cumprir o expresado na Lei de Igualdade de cara a conseguir a igualdade real nas explotacións agrarias e gandeiras.

■ A economía foi un dos temas máis tratados polas afiliadas que asistiron ao Encontro, como afecta a situación de crise económico-enerxética global ás labregas?

Nos últimos anos asistimos a un empeoramento progresivo nos prezos de todos os nosos produtos e unha suba enorme dos custos de produción.

As mulleres que participamos no Encontro vimos de comarcas diferentes, e de explotacións de leite, de carne, de ovellas, de viño, de pataca, de horta, de flor, de coellos..., mais todas coincidimos nas dificultades que estamos a vivir nos nosos sectores para saír adiante.

As nosas propostas son alternativas claras á crise enerxética e alimentaria actuais. Así a soberanía alimentaria defende o noso dereito como pobo a decidir que queremos que os alimentos que chegan ás nosas mesas sexan maioritariamente producidos dun xeito saudable polos labregos e labregas galegas, mantendo o noso medio rural vivo e rendas dignas, e non nun sistema no que os alimentos industriais, e moitas veces perigosos para a saúde, viaxan miles de quilómetros dunha parte a outra do mundo, expoliando a terra e os recursos, empobrecendo a moitos pobos de todas as latitudes para beneficiar as grandes transnacionais.

■ Nesta edición do Encontro Anual da Secretaría das Mulleres, Lidia Senra, Secretaria de Organización do SLG, desenvolveu a campaña contra a violencia de xénero presentada pola organización labrega internacional Vía Campesina en Corea no mes de marzo, cales son os puntos claves desta campaña?

É moi importante coñecer como son os procesos de violencia para termos a capacidade de non entrar ou, noutras ocasións, de saír deste camiño de destrución.

As mulleres participantes no Encontro coincidiron en sinalar que resulta fundamental que toda a organización se implique en combater a violencia que afecta ás mulleres, en facer actividades formativas nas comarcas e tamén en achegar os recursos existentes para que sexan accesibles a aquelas compañeiras que poidan estar vivindo esta terrible situación.

Creo que é moi importante que a Vía Campesina se implique nesta loita, concluíndo que non hai ningunha tradición, nin relixión, nin motivo de ningún tipo que xustifique a violencia sobre as mulleres.

■ Unha das liñas de actuación máis importantes do SLG para o presente 2009 é a protección do produto caseiro, historicamente en mans das mulleres labregas, como afectará a regulamentación do mesmo ás mulleres das nosas explotacións agroandeiras?

As regulacións que se propoñen adaptáanse máis ás condicións da industria que á posibilidade de que as explotacións agrarias e gandeiras podamos cumprir as esixencias, tanto nas instalacións coma nos requisitos sanitarios, que se nos fan.

Esta publicación está cofinanciada pola



Pontedeume 2009: Tres días de análise, emoción e reivindicacións feministas

Máis de 120 labregas no Encontro Anual da Secretaría das Mulleres

A loita de varias afiliadas do Sindicato Labrego por poderen cotizar á Seguridade Social Agraria nun momento en que a Lei llelo impedía se o seu cónxuxe gañaba máis ca elas ou era autónomo,

e tamén a reivindicación das compañeiras para poderen ser titulares de explotacións agrarias e gandeiras herdadas ou creadas por elas foron dous dos fitos que marcaron o nacemento

dunha Secretaría que traballase por eliminar todos os atrancos e discriminacións que afectan a vida das mulleres labregas. Falamos coa súa responsábel, Isabel Vilalba Seivane.



A Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego vén de celebrar a súa reunión anual, nesta ocasión en Pontedeume, á que asistiron máis de 120 labregas. Na imaxe, visita ás Fragas do Eume.

Entrevista Isabel Vilalba, vén da páxina anterior.

Está claro que os produtos das nosas casas teñen unha gran calidade e son recoñecidos por isto.

Preténdese enganar á cidadanía dicindo que algo é caseiro e logo detrás haberá unha empresa. Da casa de Coren, ou da casa de calquera outra industria, pero non das casas dos labregos e das labregas. Preténdense roubar o prestixio dos alimentos producidos nas nosas casas.

■ O SLG sempre prestou unha especial atención á saúde das labregas. Arestora, a organización está fortemente posicionada na contra da aplicación da Vacina na contra do Papiloma Humano (VPH), cales son os motivos que levan ao Sindicato Labrego, por medio da Secretaría das Mulleres, a tomar esta perspectiva ao respecto desta medida sanitaria?

No Sindicato Labrego

Galego temos experiencia de como os intereses comerciais das industrias farmacéuticas acaban sendo máis determinantes cá defensa da saúde das persoas.

Algunhas publicacións especializadas alertaron sobre os perigos desta vacina e diferentes voces do ámbito sanitario indicaron que houbo un tempo de estudo demasiado curto, informes polémicos e comunicacións de efectos adversos moi graves tanto nos EEUU como no estado español, no que recentemente dúas nenas de Valencia tiveron que ser ingresadas na UCI por este motivo. Dende o inicio da vacinación o ano pasado ata o 10 de febreiro deste ano rexistráronse no estado español 103 notificacións de sospeitas de reaccións adversas.

A saúde das nenas non é un tema para facer experimentos e semella que non hai as garantías suficientes.

■ O noso medio rural carac-

terízase por unha patente deixadez administrativa no tocante aos servizos públicos: peche de escolas, servizo de autobuses moi limitado, centros médicos alonxados e con eivas nos servizos ofertados, escasa oferta de lecer... Como se atopan as nosas labregas a día de hoxe e cales son as liñas do Sindicato Labrego Galego para mellorar esta situación?

É evidente que no medio rural os recursos para o coidado de persoas maiores son case inexistentes, cada anos vemos como desaparecen centros de ensino no medio rural, servizos de transporte...

Todo isto repercute claramente nas condicións de vida das mulleres que viven no medio rural, posto que son as que maioritariamente asumen en solitario todo este tipo de coidados, que deberan ser unha responsabilidade da sociedade no seu conxunto.



Lupe Ces, da Marcha Mundial das Mulleres, reuniuse coas mulleres da Secretaría das Mulleres unhas horas antes da manifestación convocada pola MMM en Ferrol co gallo do Día Internacional da Muller Traballadora. A participación en redes como a Marcha Mundial das Mulleres fortalécenos mutuamente, para levar adiante loitas nosas básicas como a Soberanía Alimentaria e outras compartidas con todas as compañeiras como a eliminación da discriminación, da precariedade ou da violencia que afecta ás mulleres.

A INTERLOCUCIÓN NO ESTADO: Un dereito para os labregos e labregas Unha oportunidade para a democracia

En breve, vai ser debatida no Parlamento Español unha lei mediante a cal se recoñecerán os órganos consultivos que o Estado habilitará para a interlocución coas organizacións labregas.

Na lei tamén se abordan os mecanismos para determinar cales son ditas organizacións representativas.

O texto presentado polo Goberno de Madrid adoece, desde o noso punto de vista, de dúas cuestións que son básicas: **o recoñecemento dun Estado con distintas nacionalidades e mecanismos obxetivos de lexitimación das organizacións.**

Así é como, estando recollida no artigo 2 da Constitución do Estado, a existencia de nacionalidades históricas – Galiza entre elas –, non se entende que a estas alturas da historia se siga concebindo desde o Goberno un Estado centralista que pretende deixar fóra dos organismos consultivos a

aquelas organizacións de labregas e labregos que non sexan de ámbito estatal.

Nese intento de deixarnos fóra de toda interlocución a aquelas organizacións que actuamos só nunha desas nacionalidades, estásenos conculcando un dereito básico recollido na Carta Magna, como labregas/os que formamos parte dun pobo.

Ou é que, por paralelismo, non están recoñecidas as organizacións políticas no Parlamento do Estado, aínda que só actúen na Galiza, Catalunya ou Euskadi?

En canto á cuestión da obxetividade, non podemos compartir a proposta de que sexan as Comunidades Autónomas que nes determinen os criterios para lexitimarnos e recoñecernos como organizacións.

Os criterios deben ser iguais para todos e todas, e por tanto, iguais en todos os territorios.

A representatividade tampouco debe ser sometida ao criterio

político de quen governe, senón que debe obterse pola vía das eleccións, nas que as labregas e labregos lexitimen e escollan ás súas organizacións.

Estas reflexións e propostas de mellora da lei tiveron acollida no BNG, que se comprometeu a debatelas e defendelas cando a lei sexa discutida no Parlamento do Estado.

O texto inicial ten que ser reformado se se queren recoller os dereitos das labregas e labregos a ter voz, e se non se quere perder unha oportunidade para a democracia.

Sexa cal sexa o resultado desta proposta, non pensamos no SLG, en deixar de ter relacións e alianzas con outras organizacións na medida en que coincidamos nas nosas reivindicacións e plantexamentos de defensa dun medio rural vivo, dunha agricultura labrega como medio de vida digno para nós, dunha alimentación sa e asequíbel para a sociedade e da soberanía alimentaria dos pobos.

O dezaseis de abril, todos e todas a Madrid Prezo xusto para o leite e garantía de recollida

O pasado 23 de marzo uns dous mil gandeiros e gandeiras mobilizáronse perante da Delegación do Goberno n'A Coruña na primeira das accións conxuntas de protesta levada a cabo

polas distintas organizacións agrarias e as cooperativas de leite do país. Nese momento, en Bruxelas, estaba tendo lugar a reunión de ministras e ministros de agricultura da UE, no que se

acadaron acordos totalmente insuficientes para acadar estabilidade no sector. O vindeiro xoves dezaseis de abril gandeiros e gandeiras de todo o Estado manifestarémonos en Madrid.



Acción reivindicativa conxunta o pasado dous de abril. Máis de douscentos gandeiros e gandeiras impediron a entrada e saída de camiós da central loxística e distribuidora DIA S.A. no Polígono do Tambre (Santiago de Compostela) durante case tres horas.

Dende comezos de ano foron varias as empresas que ameazaron con suspender a recollida de leite, tendencia que se vai incrementando.

Recentemente o SLG denunciou as prácticas de CELEGA, que baixo ameaza de baixada puxo enriba da mesa un contrato co prezo estipulado para tres meses, sen que se soubera a canto se ía cobrar o leite nos once meses restantes do contrato.

Pascual e Leite Río anunciaron xa a suspensión de recollida, afectando a centos de produtoras e produtores e agravando inda máis a gravísima situación pola que está a pasar o sector.

Política Europea

Tras a farsa dos contratos homologados que a Administración galega tentou de aplicar en connivencia coas empresas lácteas, e logo de transmitirle en numerosas ocasións ao Goberno estatal a derradeira delas o pasado 23 de marzo n'A Coruña as nosas reivindicacións e propoñer medidas que freasen a actual situación, escoitouse a voz da

Administración europea.

Perante dos acordos establecidos na reunión de ministras e ministros de agricultura reunidos en Bruxelas, dende o Sindicato Labrego Galego transmitímoslle á opinión pública, por medio dos medios de comunicación, as valoracións que exporemos a continuación:

1.As medidas de apoio á exportación e ó almacenamento privado de leite adoptadas non van resolver a grave situación que o sector lácteo galego está a sufrir pola baixada xeneralizada de prezos, senón que a van profundizar.

Nese sentido, consideramos que o Ministerio de Agricultura, Medio Rural e Mariño (MARM) perdeu a oportunidade de apoiar medidas como as que o Goberno alemán quería comezar a debater e que organizacións agrarias coma o Sindicato Labrego Galego vimos reivindicando historicamente, e dicir, centrar o debate e as solucións no establecemento dun prezo mínimo que cubra custos de produción e o traballo.

2.Cómpre que a ministra

Elena Espinosa dea marcha atrás nas medidas que apoiou no seu día no Chequeo Médico da PAC, tales como aumentar liñalmente a cota de produción de leite en Europa e liberalizar totalmente o mercado coa desaparición do control da produción, xa que este tipo de iniciativas son as que están a provocar que teñamos importacións masivas de leite a baixos prezos.

3.As vías de solución teñen que vir pola redistribución das cotas europeas con criterios sociais e o establecemento de prezos mínimos, para acadar deste xeito unha produción de leite ordenada e a vertebración do territorio en toda a Unión Europea.

4.Agardamos que camiños e debates como os que onte se abriron no Consello de Ministras/os da UE sirvan tamén para reorientar a Política Agraria Común (PAC) cara o urxente regulamento das marxes comerciais para a distribución que impliquen prezos xustos para a alimentación da sociedade e para poder vivir dignamente do noso traballo os labregos e labregas.

Todo o sector unido

Tres días despois de mobilizámonos perante da Delegación do Goberno español n'A Coruña, e tras coñecer as medidas totalmente insuficientes e mesmo contraproducentes emandas da reunión de ministras e ministros de agricultura da Unión Europea, tivo lugar en

Santiago de Compostela unha reunión das organizacións agrarias e cooperativas do Estado, na que se acordou a realización dunha manifestación conxunta en Madrid, que finalizará perante do Ministerio de Agricultura, Medio Rural e Mariño o vindeiro dezaseis de abril.



Entrega de documento dirixido ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño o 23 de marzo, no que se recollen as reivindicacións do sector: prezo base mínimo para o leite e garantía de recollida da nosa produción.

Xornada informativa de Seguros Agrarios



Trinta gandeiros e gandeiras acudiron ás xornadas de Seguros Agrarios en Santa Comba

O Sindicato Labrego Galego, ven de organizar o pasado 27 de marzo en Santa Comba (comarca de Xallas) unha xornada informativa sobre seguros agrarios en gandería.

En colaboración con ENESA, Agroseguro e a Consellería de Medio Rural, o SLG quixo achegar a máis de trinta gandeiros e gandeiras, información sobre o seguro agrario, as distintas liñas coas que podemos asegurar o noso gando e as novidades intro-

ducidas para este ano 2009.

Ademais dos/as representantes das entidades sinaladas, contamos tamén coa colaboración da responsábel técnica dos seguros agrarios de COAG.

Os/as participantes preguntaron dúbidas sobre seguros, tanto en coberturas como en funcionamento, e trasladáronlles ás/aos representantes das distintas partes que compoñen o sistema de seguros agrarios, suxerencias para mellorar tanto o funciona-

mento como as coberturas das distintas liñas.

A participación dos labregos e labregas neste tipo de xornadas, nas cales están os representantes institucionais dos seguros agrarios, resulta fundamental para achegarles as demandas do sector, e para que o seguro agrario sexa unha ferramenta útil para as nosas explotacións, e non simplemente un custo máis que so beneficia ás grandes corporacións aseguradoras.

“Mercado da transparencia” con produtores e produtoras de todo o Estado



O SLG apoiou o pasado 25 de marzo en Madrid a mobilización convocada polas organizacións Coordinadora de Agricultoras/es y Ganaderos (COAG), a Unión de Consumidores/as de España (UCE) e a Organización de Consumidores/as CEACCU, visibilizada mediante a celebración do III Mercado da Transparencia.

Carme Freire denunciou na súa intervención a necesi-

dade de elaboración dunha normativa que fixe prezos “de abaixo a arriba”, é dicir, o establecemento nun primeiro termo de prezos mínimos que cubran os custos de produción e o traballo para produtoras e produtores, a partir do cal se limiten as marxes comerciais co obxectivo de rematar co enriquecemento mediante a aplicación de prácticas especulativas sobre os alimentos que están a levar a cabo as multinacionais.

Manifestación antitransxénicos en Zaragoza

sábado 18 de abril



Apúntate no teu local do SLG, no tlf. 649 541 773 ou no enderezo electrónico prensa@sindicatolabrego.com

A Soberanía alimentaria e a problemática dos OXM's, a análise nos centros sociais autoxestionados



A mocidade do C.S. autoxestionado Revolta (Vigo) realizou en colaboración co Sindicato Labrego unha charla informativa sobre os organismos modificados xenéticamente (OMX's).

Lidia Senra -Secretaria de Organización- debullou a loita levada adiante dende os anos noventa polo Sindicato Labrego neste ámbito. Charo Sánchez, representante do SLG na Plataforma

Galega Antitransxénicos, explicou o funcionamento da mesma e deu conta das vindeiras accións. O 24 de abril o SLG voltará a estar coa mocidade do Revolta pra abordar a situación do sector lácteo.

5ª FESTA DAS MULLERES -Ordes-

Xoves 30 de Abril

Para axudarnos a organizar, convén que te apuntes antes do 23 de Abril, no teléfono: 981.682.908. Comezaremos ás 11 horas da mañá até as 17 horas da tarde.

Haberá charlas, dinámicas, música e baile, conversa e moito bó humor.

Ademais compartiremo-lo xantar co que cada unha traíamos das nosas casas.

Secretaria das mulleres

O pasado 27 de marzo en Ponte Areas, Lidia Senra abordou o plantexamento da soberanía alimentaria, a solicitude das rapazas e rapaces do C.S. autoxestionado Baiuca Vermelha, que ademais trasladáronlle o seu proxecto de xestionar unha pequena horta propia.

A rapazada do Baiuca son unha mostra máis da crecente concienciación ao respecto da defensa da soberanía alimentaria, ademais de coma dereito dos pobos, coma un importante xeito de facer fronte ao sistema neoliberal do que adoeceamos arestora.



PREZOS XUSTOS PARA OS NÓS PRODUTOS

Que hai detrás da “guerra de prezos” dos hipermercados?

Detrás de cada marca branca hai unha empresa arruinada

Actualmente, coa crise, as grandes cadeas de distribución e venda de alimentos puxeron de moda a que elas mesmas denominan: “guerra dos prezos”. Esta denominación

responde a unha estratexia comercial que consiste en incentivar o consumo das familias poñendo algúns artigos a prezos máis baixos, que funcionan como gancho

para atraer clientela. Estes artigos son de marcas brancas e ás veces de inferior calidade e menor cantidade, segundo estudos realizados por asociacións de consumidores.

Que son as marcas brancas?



En épocas de crise dispárase o consumo de marcas brancas, xa que son máis económicas. Esta práctica, que nos pode parecer normal, debe ser reflexionada tendo presente que é o que hai detrás de cada marca branca e que consecuencias a medio prazo traen estas prácticas.

As marcas brancas son produtos envasados por industrias alimentarias co nome/marca da gran empresa de distribución que a vende. Esta empresa comeza demandando unha porcentaxe razoable a uns prezos rendibles, obrigando ao sobre-dimensionamento desta industria elaboradora e a relaxación na venda da marca propia; crease unha forte dependencia da distribuidora quen aproveita esta situación para reducirlle a marxe de beneficios ao máximo e incluso para facerse coa propiedade da empresa.

Posiblemente esta pequena ou mediana envasadora mercaba produción a labregos e labregos na zona, cuestión que mudará coa multinacional que comprará a súa materia prima en países terceiros con custes de produción máis baixos.

As dinámicas da acumulación capitalista van neste sentido a pesar da crise que está a sufrir este modelo, polo que precisamos a complicidade do consumidor/a para que no posíbel consuma produtos dos labregos e labregas do contorno, ou a pequena e mediana industria próxima, e cando se acuda as tendas priorizar as pequenas tendas independentes, e en caso de acudir as grandes cadeas procurar o consumo de marcas galegas, a poder ser que proveñan de materias primas do País.

As marcas brancas teñen moi boa acollida por parte do consumidor/a medio en tempos de crise, polo que dende o SLG compre que nos paremos a explicar dun xeito pedagóxico estas cuestións, pois nestes momentos precisamos máis que nunca do Consumo Responsable na loita pola supervivencia dos sectores labregos e gandeiros e pola soberanía alimentaria.

DIFERENZA DE PREZOS ENTRE PRODUTORAS/ES E CONSUMIDORAS/ES

PRODUTO	PREZO ORIXE	PREZO CONSUM.	Diferencia %
Polo	0.90€	2.81€	211.94
Coello	1.79€	5.90€	229.61
Leituga	0.36€	0.83€	131.25
Coliflor	0.90€	1.84€	104.72
Brécol	0.85€	1.57€	85.00
Nabiza	0.90€	1.55€	71.67
Pataca	0.40€	1.04€	160.63
Cebola	0.45€	1.44€	219.44
Kiwi	0.57€	3.39€	494.30
Leite	0.32€	0.93€	189.58

Datos de orixe proporcionados polo SLG. Datos do prezo a consumidoras/es proporcionados pola Unión de Consumidores/as de Galiza (UCGAL)

Esta mal-chamada “guerra dos prezos” vai acompañada de fortes campañas de publicidade e trouxo consigo o aumento dos beneficios destas transnacionais que o practican nestes tempos difíciles.

Con esta estratexia comezaron as tendas chamadas de desconto (Día, Gadis, Lidl...) e nestes momentos apuntáronse outras como El Corte Inglés.

Os produtores e produtoras de alimentos vemos como estas estratexias de mercado fanse a conta nosa, vendo reducido o prezo dos nosos produtos en orixe, ou a substitución por outros adquiridos en países do terceiro mundo con baixos custes de produción debido as situacións de sobre-explotación dos

labregos/as, a ausencia de lexislación en materia de medio ambiente e sanitaria, a nula presión fiscal, etc


O pasado 16 de marzo, en declaracións a Radio Obradoiro, Miguel López, o Secretario Xeral da UCGAL, ao respecto dos estudos de prezos en orixe e destino que en colaboración co SLG van ser publicados en El Correo Gallego ao longo deste ano.

Asemade, sinalou que os prezos baixos non deben ser a costa de que sexan rebaixados os prezos pagados ao sector produtor, xa que o problema está nas abusivas marxes comerciais e na necesidade de establecer o antes posíbel prezos base para os produtos de primeira necesidade, coma o caso do leite.

XENÉTICA PROPIA PARA GANDO CON FUTURO



Mantoño DUNO



Bos Convincer GYPSY



Bos Allen CUXA ET



Bos James CHAMOSO



Mario XACOBEO



XACOBEO
Nº 1 de España

EMBRÍONS
XOVENCAS
TOUROS NOVOS
FAMILIAS DE VACAS
SEMENTAIS PROBADOS

MARIO XACOBEO ET TL TV VG-89
+1.411 QG.L. ESTATURA: +3,05
+39 QG.PROT. ANGULOSIDADE: +2,60
TIPO: +3,70 UBRE ANT.: +4,18
UBRES: + 3,59 PROF. DO UBRE: +3,49
PATAS: +2,47

**PROGRAMA de MELLORA
GANDEIRA de GALIZA**
www.melloragandeira.com



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Non á privatización da auga, non ao seu tratamento coma “fonte” de negocio

Campaña contra o Foro Mundial da Auga en Turquía

A Confederación de Sindicatos Labregos turcos, que é membro de Vía Campesina, en alianza con máis de cen organizacións sociais que defenden o dereito á auga, veñen de constituír a

Plataforma “Non a comercialización da Auga”. Esta Plataforma organizou dos mobilizacións en Turquía, con motivo do V Foro Mundial da Auga celebrado do 16 ao 22 de marzo. Canda estas ac-

cións tivo lugar tamén un foro alternativo para loitar contra a privatización da auga en Turquía e no resto do planeta. Nembargantes, os resultados deste V Foro foron decepcionantes.

O quinto Foro mundial da Auga que se celebrou do 16 ao 22 de marzo en Turquía foi convocado polo Consello Mundial da Auga, unha institución ao servizo das corporacións multinacionais e dos grupos de interese privados para mercantilizar e comercializar cos recursos hídricos co obxectivo de maximizar os seus propios beneficios.

O Banco Mundial e os monopolios da auga son os que dominan este Consello e están traballando para lograr grandes beneficios privatizando o acceso á auga.

Ao mesmo tempo, en Turquía, estase preparando unha lexislación que, de aprobarse, outorgaría a auga dos ríos, dos lagos e dos estanques ás corporacións, que até o daga só tiñan os servizos de distribución.

De saír adiante esta lexislación, suporía entrar nunha nova fase de privatización da auga. É urxente parar este novo intento das transnacionais de apropiarse dun recurso que debe ser público.

Nacións Unidas e o Banco Mundial consideran que a auga é unha necesidade e non un dereito. Por iso para eles é posíbel comercializala

Sen auga e sen alimentos non hai vida.

Como resultado do control das corporacións transnacionais do comercio dos alimentos temos no planeta mil millóns de persoas famentas; miles e miles de familias labregas forzadas a migraren e outros moitos miles en situacións cada vez máis precarias, canda a cidadanía sometida a unha dependencia case total destas corporacións para comer.

Se agora tamén se apropian da auga, o número de persoas que se verá privada da auga potábel e o número de mortes incrementarase aínda máis.

Na actualidade tres millóns e medio de persoas non teñen acceso á auga potábel. Catro mil nenos e nenas menores de cinco anos morren cada día pola falta de auga.


Gobernos e bancos

As Nacións Unidas e o Banco Mundial consideran que a auga é unha necesidade e non un dereito. Por iso para eles é posíbel comercializala.

Estase prantexando a privatización da xestión da auga potábel, a auga doméstica e a auga do regadío.

Unha vez máis, están antepoñendo os intereses do capital aos dereitos das persoas.

Frente a esta posición do Banco Mundial e do neoliberalismo, varios países latinoamericanos, entre eles, Bolivia, Ecuador, Venezuela, Cuba e Uruguai, están reivindicando que a auga sexa considerada como un dereito humano básico.



Canto tempo tardarán en privatizar o ar que respiramos?

A auga debe ser considerada un ben público e non unha fonte de negocio. E que, polo tanto, todo ser humano debe ter acceso á auga de boa calidade e en cantidade suficiente.

Porque a auga é inseparable da vida, non podemos deixar que sexa propiedade de ninguén. Debe recoñecerse que a auga pertence á Natureza da que a mesma humanidade forma parte.

Dende a Vía Campesina esíxese que só quen considera que a auga é a condición básica da supervivencia de todos os organismos vivos pode determinar como e en que condicións vai ser utilizada pola xente, polos animais e as plantas.

Non se pode permitir que burócratas representantes de gobernos que non dubidan en facer leis para beneficiar intereses privados de grandes corporacións, sexan os que decidan quen terá acceso no futuro á auga.

A cidadanía no seu conxunto debemos reaccionar e paralizar este novo atentado á humanidade e á natureza.

No SLG preguntámonos, de seguir por este camiño, canto tempo tardarán en privatizar o ar que respiramos?



LEI DE INCENDIOS FORESTAIS DE GALIZA REMATA O PRAZO PARA A ADAPTACIÓN DAS MASAS ARBÓREAS

Para darlle un rango lexislativo superior ó Decreto 105/2006, artellado como consecuencia da vaga de lumes que asolou o país no 2006, o 18 de abril de 2007 entrou en vigor a Lei de incendios forestais de Galicia.

O articulado desta norma vai encamiñado a defender os montes contra os incendios forestais e protexe-las persoas e

bens afectados por eles, mediante actuacións nos montes e áreas de influencia e establecemento das condicións para a protección dos asentamentos rurais, regulando aproveitamentos e transformacións, repoboacións forestais, tratamento da biomasa, redacción de plans de prevención e defensa e a promoción de unidades de xestión sustentables.

Non deixa de ser unha lei que inflúe na ordenación do territorio e, como tódalas que se refiren a este aspecto, chegou con alomenos dez anos de demora a Galiza.

Neste senso faise máis difícil levar a cabo as tarefas para a regulación dos usos e as medidas adoptadas teñen menor aceptación na sociedade.

Non é estrano escoitar comentarios como: "Non só o monte chegou ás casas, tamén moitas casas se foron ó monte".

Os dous aspectos da lei con máis transcendencia no rural galego son a xestión da biomasa e as limitacións ás repoboacións forestais.

De cara a frea-la a propagación do lume e evitar que este afecte os núcleos rurais, impónse unha serie de medidas que consisten no seguinte:

Faixas de xestión de biomasa: Actuarse sobre as especies de matogueira, de xeito que non supoñan un perigo para o comezo ou propagación do lume. Esta

labor levarase a cabo antes do 31 de marzo de cada ano, nas parcelas que:

■ se atopen a menos de 50 metros do monte.

■ se atopen a menos de 100 metros de edificacións e a menos de 400 metros do monte.

■ nos terreos que se atopen a menos de 50 metros da estrema da propiedade na que haxa edificación e menos de 400 metros do monte, non poderá haber especies altamente inflamables.

Limitacións ás Plantacións

Non están permitidas repoboacións en terreos adicados a labradío, cultivo, prados ou pastos, con independencia da súa cualificación, así como en solo urbano e núcleos rurais. Ademais deberán gardar, como mínimo, as seguintes distancias:

10 metros a terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria.

As especies altamente inflamables deben gardar 50 metros a calquera tipo de edificación. Algúhas destas

Os aspectos da lei que máis afectan ao rural galego son a xestión da biomasa e limitacións ás repoboacións forestais

especies son: a Queiruga, a Carqueixa, a Xesta, Uz, Piorno, Fento, Silva ou o Toxo

Para o resto de especies, 10 metros a vivendas e instalacións e 25 metros a industrias ou instalacións que desenvolvan actividades perigosas.

A lei outorgaba un prazo de adaptación das masas, no tocante ás distancias, de dous anos, período que remata o 18 do vindeiro mes de abril.

Tanto as administracións locais como a Xunta de



A Lei 3/2007, do 9 de abril, é a que procura a prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza. Na imaxe, vivendas moi próximas a piñeiros e eucaliptos, unha ubicación moi perigosa en caso de producirse un incendio.

Galiza, mediante a Consellería de Medio Rural, poden actuar subsidiariamente.

O proceso comeza coa emisión dun aviso ós propietarios ou propietarias dos terreos que incumpren a norma.

Dende a recepción da notificación dispónse de 15 días para realiza-los traballos, transcorridos os cales a administración pode levarlos a cabo cos seu medios, repercutindo os custes da acción sobre o propietario ou propietaria.

Isto non exime da sanción que poida ser imposta por non cumprir a lei.

Pero non só as labregas e labregos con terreos de monte se ven afectados pola obrigación de cumprir coa lei de incendios, senon que as

administracións e entidades titulares ou concesionarias de vías de comunicación e liñas de transporte de enerxía eléctrica teñen obrigas.

Xestionar a biomasa vexetal e eliminación de especies de alta combustibilidade, na franxa de dominio público de autoestradas, autovías, estradas, rede ferroviaria e liñas eléctricas (as distancias mídense dende a liña exterior da infraestrutura):

■ Autoestradas e autovías: 15 metros

■ Estradas e tren: 8 metros

■ Liñas eléctricas: 5 metros (sen prexuízo do estipulado na regulamentación electrotécnica).

■ Xestión da biomasa no estrato arbustivo e matogueira (non sobre as árbores) en montes forestais: 2 metros.

O Noso Seguro do Campo

... A Nosa Orixe, A Nosa Especialización, A Nosa Proximidade, O Noso Respaldo

Estas son as claves para que a xente do agro poida traballar con toda **TRANQUILIDADE** e este é o **COMPROMISO** que un ano máis **AGROMUTUA** toma cos seus asegurados e aseguradas. Un compromiso co noso traballo do día a día e a mellor garantía de futuro para o medio rural.

SEDE SOCIAL
C/ Pérez Fajol, 5-1º
46002 Valencia
Tel.: 963 530 342
Fax: 963 531 196

OFICINA MURCIA
C/ Matadero Viejo, 6
Edif. Segura 1º D
30002 Murcia
Tel.: 968 901 410
Fax: 968 901 510

AGROMUTUA
O Noso Seguro do Campo

agromutua@agromutua.es
www.agromutua.es

O SLG reclama da hostalería independente compromisos para co sector vitivinícola

O sector do viño precisa de acordos coa hostalería independente para poder afrontar mellor a situación de crise que padecemos e para frear a caída destes dous sectores nas mans da gran distribución. A gran maioría do viño de calidade que se consume faise en establecementos hostaleiros, aplicándolle unhas

marxes comerciais tan grandes que reducen fortemente a súa demanda. Deste xeito o viño é substituído cada vez máis por bebidas en mans das multinacionais, que non reportan nin por asomo os beneficios sociais, medioambientais, culturais, paisaxísticos e económicos do sector vitivinícola na Galiza.



Ao falar de hostalería referirémonos ao conxunto de establecementos de lecer e/ou servizo relacionados co subministro para o consumo no propio local de comidas e/ou bebidas, falaremos dos que son independentes e non franquiciados, normalmente rexentados por autónomos ou familias. É con estes con quen temos que procurar alianzas e compromisos.

Este sector ten experimentado grandes cambios nos últimos tempos debido en boa medida a modas impostas dende as multinacionais da distribución de bebidas, pero tamén aos cambios vividos pola nosa sociedade en canto a poder adquisitivo e pautas de consumo ligadas ao mesmo.

Para o sector vitivinícola do SLG é importante a análise da realidade para ver que factores fixeron que o viño pasase de ser a bebida máis consumida na hostalería a ocupar un lugar case testemuñal, partindo da vantaxe de ser a bebida estrela da nosa cultura e tradi-

ción milenarias.

Son varios os factores que levaron ao retroceso do consumo do viño nos establecementos de hostalería, pero algúns (ver cadro adxunto) son provocados polas enormes campañas das multinacionais e pola permeabilidade do sector da hostalería, comprendendo que en certa medida esta permeabilidade ven imposta pola presión publicitaria.

Unha práctica habitual das multinacionais é pagar certas cantidades de diñeiro pola exclusividade da venda de produtos que eles distribúen, por medio desta práctica a Gran Distribución vai garantindo a súa permanencia e extensión no mercado, facendo desaparecer todas as opcións independentes.

Ese pago pola exclusividade de produto acaba convertendo a pequena e mediana empresa hostaleira en escrava da grande distribución, quen vai condicionar a capacidade de ingresos destes establecementos.

En definitiva os bares, restaurantes,

etc. pasan de ser correa de transmisión para o cambio nos hábitos de consumo e para a acumulación capitalista das multinacionais, a converterse en vítimas grandependentes.

Galiza viticultora

O viño é un sector que mantén un tecido labrego e económico vivo na Galiza, grazas á súa independencia dos grandes grupos económicos.

Mais esta independencia está a ser cada vez menor e pódese agravar de non contar coa complicidade dos hostaleiros/as no sentido de mercar e promocionar os nosos viños, e de reducir o custo final da botella a conta das súas marxes comerciais. A redución do custo do *descorche* levaría a un aumento do consumo e reportaría máis beneficios ao sector, tamén a hostalería.

A grande fragmentación e o feito de seguir maioritariamente ligado a terra, ás persoas e a cultura milenaria, danos certa capacidade de resistencia a ser absorbidos polas multinacionais.

Pero que o 80% do consumo de viño de calidade se faga na hostalería, échenos de preocupación e fainos pensar na necesidade de convencer a hostalería independente para que non se deixe caer na trampa das multinacionais e que traballen o viño galego ligado á viticultura e á terra, deixando de lado o produto da gran distribución.

No SLG estamos convencidos de que na medida en que estos establecementos de consumo de viño reduzan as súas marxes comerciais e se comprometan na promoción dos viños galegos, mellorarán o consumo de viño na hostalería e nos axudarán a todos e todas a soportar mellor a crise económica e a non acabar caendo nas mans da gran distribución.

ALGÚNS CAMBIOS DOS ÚLTIMOS TEMPOS NA HOSTALERÍA

1-O consumo masivo de barrís de viño foi substituído polos de cervexa coa incorporación das billas de presión. A desvinculación que o sector da cervexa fixo da terra e da produción de cereais, simplificou a acumulación capitalista e fixo desaparecer as pequenas empresas produtoras.

2-A introdución masiva das bebidas carbónicas e azucradas para o consumo dende a infancia e a súa combinación con destilados de baixa calidade para a mocidade, este tipo de combinados chegaron a ser -dende os anos 70- as bebidas máis consumidas pola mocidade en festas e tempos de lecer. Deste xeito o padal -dende a infancia e a xuventude- acostumase aos sabores doces e intensos e á sensación moi fría e refrescante do xeo co que se serven estas

bebidas; relegando o consumo de viño para as persoas maiores de 40 anos.

3-A perda de influencia da gasosa como bebida a combinar co viño para introducir aos novos pouco a pouco no consumo de viño.

4-As grandes marxes comerciais que este sector aplica ás bebidas en xeral, son dificilmente soportables polo viño que por ser feito de uva 100% parte cuns custos non comparables cos doutras bebidas feitas maioritariamente con auga.

5-Se até o de agora o consumo de viño de calidade facíase en establecementos hostaleiros, na actualidade detéctase unha tendencia a ser substituído polo consumo nas casas.

O Sindicato Labrego Galego reclama unha atención específica e realista do sector agrogandeiro

Alegacións ao Plan Galego de Acción fronte ao Cambio Climático

Perante dos puntos recollidos no actual borrador do Plan Galego de Acción fronte ao Cambio Climático o SLG solicitou que haxa unha atención específica real sobor do sector agrogandeiro. Isto significa renovar a aposta estratéxica pola agricultura, garantindo a preservación do medio ambiente e o medio rural. Os labregos e labre-

teñen que ver recoñecida e valorada a súa labor medioambiental e de mantedores e mantedoras do noso entorno natural, sendo recoñecidos os nosos dereitos por parte das leis coma persoas que vivimos nel. Cómpre unha lexislación responsábel para connosco, consecuentemente coñecedora da nosa realidade.

Dende o SLG entendemos que cando se fala de medio rural é prioritario o papel dos nosos sectores agrarios, así coma as repercusións que estes teñen no entorno máis inmediato.

Esta perspectiva require dun tratamento específico e prioritario no desenvolvemento de accións de cara mitigar os GEI (gases de efecto invernadoiro), xa que o sector agrario é unha peza clave relacionado directamente co medioambiente, valor que se engade a outros coma o do seu papel de transmisor cultural e social, imprescindíbel para o mantemento dun medio rural vivo e non concibido coma un lugar de ocio para poboación asentada nas cidades e campo de especulación para as multinacionais (alimentares, enerxéticas, etc).

En moitas zonas rurais, especialmente aquelas máis alonxadas dos principais eixes económicos, a agricultura constitúe a actividade económica básica e o seu declive supón tamén o abandono do medio rural coas consecuencias sociais, ambientais e económicas que este declive produce, comprometendo o desenvolvemento dos territorios rurais.

O sector agrario conserva un gran potencial como xerador de emprego e riqueza, que está sendo na actualidade desaproveitado.

O modelo de agricultura industrial especulativo é algo que resulta medioambientalmente insostíbel. Este modelo ten un gran impacto ambiental e territorial, cun uso intensivo de recursos naturais e inadaptación ás posibilidades do territorio.

Un manexo sostíbel dos bosques, terras agrícolas e

outros ecosistemas agrícolas ofrece un gran potencial para reducir as emisións de GEI con respecto ás prácticas agrarias industriais, mantendo a súa capacidade de sumidoiro de carbono.

Pódese adaptar a agricultura para que non sexa só un emisor de GEI, senón para que tamén se converta nun sumidoiro de carbono que nos axude a reverter a contribución ó cambio climático. Isto tamén reduciría o resto de desastres ambientais debidos ós fertilizantes, como a eutrofización* das augas ou a explosión de poboacións de determinadas algas nos lagos e mares de todo o planeta.

Dende o SLG apostamos por unha agricultura sostíbel a escala local, no marco dun modelo social de agricultura, cun uso eficiente dos recursos de produción, que contribúe eficazmente á loita contra o cambio climático.

Ao mesmo tempo transmitimos á Administración o noso rexeitamento á promoción enganosa que se dá dos agrocarburos, así coma a actitude nada prudente perante a biotecnoloxía, non impedindo a presenza de transxénicos no noso país.

Nas alegacións deixamos constancia tamén da nosa profunda disconformidade con unha medida presentada de xeito enganoso e que propón de permitir ás institucións, industrias e cidadanía poder seguir contaminando a cambio de

Perante desta presenza mínima de accións de cara ás labregas e labregos, de importancia básica para o mantemento óptimo do noso medio ambiente e, polo tanto, do coidado do cambio climático, dende o SLG achegamos as seguintes alegacións ao Borrador:

1º Habilitación dunha prima económica, (por exemplo 1000€/por explotación) **á produción ecolóxica ou en proceso de reconversión a Agricultura Ecolóxica (AE),** como compensación polos servizos medioambientais que realizan e benefician a tódala cidadanía.

2º Fomento de técnicas de compostaxe da materia orgánica nas explotacións agrarias e gandeiras co fin da mellora do reciclado e calidade da materia orgánica co conseguinte enriquecemento do solo e unha diminución do uso de abonos nitrogenados ademais dun menor coste económico para as explotacións.

3º Introducción de alternativas construtivas e de deseño que minimicen o consumo de enerxía e a xeración de recursos no eido agrario mediante :

a) A reutilización de infraestruturas agrarias existentes.
b) O uso e reciclado de materiais nobres como madeira ou pedra nas construcións agrarias.
c) Introducción de enerxías renovables en sistemas de potabilización e depuración de augas.

4º Redución de emisións como con-

secuencia da introdución de criterios de eficiencia e aforro enerxético no sector agrario:

a) Implantación de enerxías renovables no sector agrario:
b) Introducción de paneis solares en construcións agrarias.

4º Fomento da implantación de sistemas enerxéticos de baixo consumo nas explotacións agrogandeiras mediante as seguintes accións:

a) Mellora do illamento de fachadas e cubertas.
b) Mellora das carpinterías exteriores e vidros.
c) Instalación de proteccións solares.
d) Muros trombe.
e) Muros parietodinámicos.
f) Invernadoiros asociados ás fachadas.
g) Sistemas de sombreamento.
h) Ventilación natural.

5º - Fomento da AE nos espazos naturais como rede natura 2000

6º - Consideramos a educación e as campañas de información como elementos clave cara a promoción dunha conciencia ecolóxica e sustentábel, especialmente cara o sector consumidor e as institucións.

"compensacións" consistentes na reforestación de terras.

Esta pretensión explicitada no Borrador entra en contradición coa unha teima histórica do SLG, a da falla de base territorial para as nosas explotacións.

Arestora, adoecece a falta de terras agrarias por mor dunha forestación salvaxe guiada pola especulación que nos levou de pasar dun tercio de superficie agraria útil no territorio a menos do 20% estimado de superficie agraria útil actual.

Este xogo de compensacións forestais a cambio de poder contaminar agrávase

inda máis cando comparamos este prezo cobrado ás industrias con todo o proceso privatizador e burocratizador de control ao que as

administracións someten aos labregos e labregas.

*Presenza excesiva de residuos orgánicos nas augas.



RISCOS ESPECÍFICOS E FRECUENTES NA ACTIVIDADE AGROPECUARIA PARA AS MULLERES EN PERÍODOS DE IDADE FÉRTIL, EMBARAZO, POST-PARTO / LACTACIÓN

Máis alá dos riscos que afectan por igual ós traballadores/as agrarios de ambos xéneros, compre facer fincapé en toda unha serie de riscos específicos aos que están sometidas as mulleres que traballan na agricultura e na ganadería. A análise destes riscos -frecuentemente ignorados ou subestimados en publicacións que

analizan a problemática dos riscos laborais no agro- son de grande importancia non só polo que supoñen os riscos en si para as labregas, senón tamén pola importancia cuantitativa e cualitativa que ten o feito de que a maioría das persoas que traballan no sector agropecuario galego señan mulleres.

TIPOLOXÍA DE RISCOS E RECOMENDACIÓNS BÁSICAS

RISCOS FÍSICOS

VIBRACIÓNS

É de especial importancia evitar nos desprazamentos e traballo con máquinas un exceso de ruídos e de vibracións, cuílas consecuencias poden ser de especial gravidade durante o embarazo, chegando mesmo a supoñer situacións de abortos ou partos prematuros.

RUIDOS

Outro dos riscos físicos máis perigosos e frecuentes é a exposición a fontes de ruído, (p.e. determinado tipo de maquinaria agrícola ou de transformación e tratamento dos produtos).

Os elevados niveis sonoros que provocan estas máquinas, especialmente cando a exposición é prolongada e continuada no tempo pode mesmo ter consecuencias para o feto, polo que cómpre evitar a exposición prolongada e estas fontes de ruído.

MANIPULACIÓN DE CARGAS

No referente as cargas pesadas como norma xeral cómpre evitar a manipulación de cargas pesadas e cando haxa que levantar excepcionalmente obxectos con un certo peso, e moi importante seguir as recomendacións que este mesmo Manual fai no apartado referente ao levantamento e manexo de cargas.

Unha práctica incorrecta neste ámbito pode ter consecuencias perxudiciais para a evolución do embarazo, chegando mesmo a provocar unha lesión fetal e/ou un parto prematuro.

ciais para a evolución do embarazo, chegando mesmo a provocar unha lesión fetal e/ou un parto prematuro.

MOVEMENTOS/POSTURAS

En traballos de longa duración e de posturas forzadas, é de vital importancia evitar a posición de pé ou sentada sen repousos e sen cambios de postura.

A permanencia excesiva en posturas forzadas durante o embarazo e a consecuente ausencia de repousos, ten suposto un incremento de abortos, partos prematuros e de diminución do peso d@ recién nacido@.

TRABALLOS NO INTERIOR


As mulleres que traballan en espazos cerrados deben evitar a exposición a monóxido de carbono procedente de motores, tabaco, etc.

Esta exposición pode afectar ao feto con efectos tóxicos.

TRABALLOS NO EXTERIOR

É de especial importancia evitar a exposición ao calor, sobre todo para que non se produzan situacións de deshidratación.

Por outra parte tamén hai que evitar o frío intenso e os cambios bruscos de temperatura (especialmente durante o embarazo e a lactación).



RISCOS QUÍMICOS/BIOLÓXICOS

FITOSANITARIOS

No tocante aos riscos químicos e biolóxicos cómpre facer especial fincapé nos produtos perigosos e nas sustancias químicas que se manexan nos tratamentos fitosanitarios.

O uso e manexo destes produtos especialmente perigosos durante o embarazo, postparto e lactación debe ser evitado ao longo dos citados períodos, moi especialmente cando así o sinala o manual de instrucións e a ficha de seguridade de tales produtos.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de Relacións Laborais

AXUDAS PARA A PROMOCIÓN DA RECRÍA DE GANDO VACÚN EN GALICIA (DOG 10-03-09)

Poderán beneficiarse destas axudas calquera persoa física ou xurídica titular dunha explotación gandeira de vacún con efectivos de cando menos as razas frisona ou rubia galega e que fagan recría delas en pureza.

Subvencionarase a actividade de recría de femias de raza frisona ou rubia galega no período comprendido entre a presentación da solicitude e o 1 de setembro do ano en curso, realizada na propia explotación ou en centros de especializados da recría.

A contía base da axuda será de 160 € por cada un dos animais recriados obxecto da axuda, esta contía poderá aumentarse en función das características dos animais e das/os beneficiarias/os. A contía máxima da axuda por beneficiaria/o nesta convocatoria anual queda limitado a 3.250€.

Estas axudas teñen carácter de minimis.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda permanecerá aberto ata o 11 de maio de 2009.

AXUDAS PARA PALIAR OS DANOS PRODUCIDOS POLO XABARIL (DOG 12-03-2009)

Poderanse acoller a estas axudas as/os agricultoras/es profesionais que sufrisen danos nos seus cultivos por causa do xabaril. Tamén se poderán acoller as sociedades agrarias (SAT) e as cooperativas de explotación comunitarias de terras. O expediente de axudas será único e comprenderá todos os danos producidos polo xabaril a unha/un mesma/o beneficiaria/o antes da colleita.

Estas axudas comprenden os

danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas desde o 1 de outubro de 2008 ata o 30 de setembro de 2009.

As/Os titulares dos cultivos afectados deberán comunicar no prazo máximo de sete días a produción do dano mediante unha chamada ao teléfono 900 186 186 ou a través da páxina web www.xunta.es:444/caza/.

O importe máximo destas axudas será de 1.500€ por ano.

IMDEMNIZACIÓNS DE PAGAMENTO ÚNICO A FAVOR DE MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO E/OU DAS/OS MENORES OU PERSOAS DEPENDENTES AFECTADAS POR ESTA (DOG 16-03-2009)

Estas indemnizacións van dirixidas a mulleres que sufran violencia de xénero, as persoas menores de idade que dependan dunha muller que sofre violencia de xénero, as persoas maiores de idade que dependan economicamente dunha muller que sufra violencia de xénero, as persoas dependente baixo o coidado dunha muller que sufra violencia de xénero.

Para ter dereito a esta indemnización será necesario que unha resolución xudicial firme reconeña o

dereito á percepción dunha indemnización, por danos e perdas derivadas dunha situación de violencia de xénero e que exista constatación xudicial do incumprimento do deber de satisfacer a indemnización por insolvencia do obrigado ao pagamento.

A contía máxima da indemnización establécese en 6.000€ por cada persoa beneficiaria.

O prazo para solicitar esta indemnización permanecerá aberto ata o 31 de outubro de 2009.

AXUDAS PARA FOMENTAR A PRODUCCIÓN DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS (DOG 25-03-2009)

Poderán ser beneficiarios destas subvencións aquelas persoas xurídicas asociativas do ámbito agrario, incluídas as asociacións ou agrupacións de produtores.

O importe total das subvencións concedidas polas administracións públicas poderá chegar ata o 100% dos custos das actividades, sen que en ningún caso se superen as disponibilidades orzamentarias.

Para beneficiarse do importe máximo da axuda deberán comercializarse nos establecementos incluídos no programa de produción de calidade, cando menos, un 75% dos animais e dos produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal inscritos

no devandito programa.

Poderán concederse axudas para financiar as seguintes actividades do programa de produción de calidade:

Asistencia técnica para estudo de mercados, e para o deseño e creación de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal.

Implantación de programas de produción de calidade.

Formación do persoal especificamente relacionado co programa de produción de calidade.

Certificación dos programas de produción de calidade implantados.

O prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria rematará o 1 de maio de 2009

AXUDAS PARA A PROMOCIÓN, MODERNIZACIÓN E DIMENSIONAMENTO DO ASOCIACIONISMO AGRARIO EN GALICIA (DOG 9-03-09)

A través desta Orde a CMR establece as seguintes liñas de axuda:

-axudas para o fomento do asociacionismo, modernización e dimensionamento das entidades asociativas agrarias cuxa finalidade sexa desenvolver actividades na fase de produción agraria.

-axudas para o fomento, modernización e dimensionamento das entidades asociativas agrarias, cuxa finalidade sexa a transformación e/ou comercialización.

-axudas de apoio á modernización da xestión empresarial das entidades asociativas agrarias.

-axudas ás organizacións representativas das cooperativas agrarias galegas.

Poderán beneficiarse destas axudas as cooperativas agrarias, as cooperativas de explotación comunitarias da terra e sociedades agrarias de transformación.

A contía das axudas oscila entre o 80% e o 25% do importe dos investimentos, en función da actuación subvencionable e as características da persoa beneficiaria da axuda.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata o 11 de abril de 2009.

AXUDAS PERIÓDICAS DE APOIO ÁS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO. SALARIO DA LIBERDADE (DOG 24-03-2009)

Poderán ser beneficiarias destas axudas aquelas mulleres que se atopen nunhas condicións económicas que lles impida afrontar o seu futuro dun xeito autónomo e independente do seu agresor e que dispoñan dalgún dos documentos acreditativos desta situación de violencia adoptado ou emitido no período de doce meses inmediatamente anteriores á data da solicitude sempre que

nese momento se producise o cesamento da convivencia.

A contía da axuda oscila entre os 200€ e os 600€ mensuais, en función dos ingresos e das condicións da beneficiaria, ata un máximo de doce mensualidades.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata o 30 de novembro de 2009.

O Sindicato Labrego Galego quere informar a toda a afiliación que creou un ficheiro de datos denominada BASLG, á cal incorporou os datos persoais que figuraban nos ficheiros de datos anteriores.

Este ficheiro de datos de carácter persoal está suxeito á Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, así como ás normas de rango inferior que desenvolven a mesma.

A creación ficheiro ten como finalidade a prestación dos servizos aos que ten dereito a afiliación así como o desenvolvemento das actividades que os órganos do Sindicato Labrego acorden, garantindo a seguranza dos datos da afiliación.

Conforme ao establecido nesta normativa calquera persoa que figure na mesma pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto dos mesmos enviando un escrito dirixido a Sindicato Labrego Galego, rúa de Touro, 21, 2º - 15.704 - Santiago de Compostela, acompañado dunha copia do seu D.I., ou enviando un correo electrónico coa súa sinatura dixital ao seguinte enderezo: nacional@sindicatolabrego.com. Tamén poden achegarse ao local do Sindicato máis próximo e falar coa/co responsábel do mesmo.

Aquelas afiliadas e afiliados que cambiasen a súa dirección, número de teléfono ou calquera outro dato relevante e queiran comunicárnolo poden achegarse polo local do Sindicato máis próximo e falar coa/co responsábel do mesmo.

O pasado 15 de xaneiro abriuse o prazo de subscrición de seguros de viñedo. Infórmate nos locais do Sindicato Labrego Galego.

SE TES UNHA AXUDA DE INCORPORACIÓN OU PLAN DE MELLORA E O BANCO CO QUE TRAMITACHES PRÉSTAMO ESTÁ A POÑERCHE PROBLEMAS, ACUDE AO TEU LOCAL DO SLG MÁIS PRÓXIMO. PRECISAMOS SABER DE TODOS OS CASOS PARA PRESIONAR E RESOLVER ESTA GRAVE SITUACIÓN DE ABUSO.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Touro LIMUSIN con carta xenealoxica de 5 anos de idade, moi manso.
TLF: 982 207 733 / 685 884 257

Vacas e novillas de carne
TLF: 981 788 221

Circuito de 6 puntos con pul-sadores electrónicos Rotati-va de 1,70 de 2 tambores.
TLF: 696 642 722

Bolos de herba seca e de si-lo zona de arzúa
TLF : 620 062 581

Véndese explotación e vivenda. **TLF: 981 459 568 (As Pontes)**

Vacas de raza caldelá.
TLF: 679 962 507

Vaca pasiega, media idade, preñada.
TLF: 982 179 444

Pala de tractor para Jonh Deere 35-40 ou 50. De en-ganche rápido. Modelo BMH 6,000-4xD, nº10802.
TLF: 986 580 990 e 678 079 473

Alpacas de herba seca grandes, ben colleita, ano 2008. MESIA, A Coruña.
Telf: 981 68 71 02 (José Manuel)

Puntos de vacas nodrizas. Oroso, comarca de Ordes.
Telf: 981 69 45 73. (Pilar)

Tractor marca PASCUALI 995, DE 30 CV., con re-molque de tracción.
TLF: 982 169 267 (Juan).

Becerras Rubias e 3 becer-ras Asturianas de Los Valles

Tlfnº: 982 39 10 08

Pala cargadora para tractor marca: BMH. Modelo: 6000 4XD/2

TLF: 986 580 990/678 079 473

Tractor barreiros de 52 cv en moi bo estado e a moi bo prezo.

TLF: 982 183 019

Cisterna CISCA, de 2000 litros. Remexedor de purín.
TLF: 982 137 615 (José)

Mel multifloral de colleita propia do interior da provin-cia de Ourense.
TLF. 685 977 783

Por cese de actividade vén-dese tractor JOHN-DEERE 6310 e AUTOCARGADOR GALAGRI en bo estado.
.TLF: 982 16 06 5 647 17 28 07

Pala dun tractor (marca TENIAS B2) en Vilalba.
TLF: 664/65-24-69

Rolos de herba seca e pan de centeo.
TLF.: 676168523

HERBA SECA E SILO

TLF: 982 / 50.57.98

Santa Cristina - Cospeito

Pincho para carregar rulos de palla e carretillas marcas: CATERPILLER e TOYOTA de 2.500 kgs, triple mástil, elevación libre e de-sprazador lateral.

TLF: 650 01 92 75

Xaulas de coellos, comple-tas e en bo estado. moi baratas.

TLF: 988-45-74-00 (Noite)

Máquina de sementar millo de cinco regos.

TLF: 676 227 645.

Restradora SHARP, mod-elo XEA 301. Seminova e en moi bó estado.
TLF: 696329600-653439147

-Rolos de herba seca en Cospeito.

TLF: 982 50 57 55

Esterco de vaca misturado con toxo.

TLF: 646074892 e 988401304
San Amaro (Ourense)

Desensiladora marca MULLOS, en bon estado.
TLF: 676 227 645.

Rastrillo marca VALLE e sul-fatadora marca JABARA
TLF. 982 150 121 (Suso)

-Enfriadeiro 500 litros semi-novo

-Véndese circuito de or-deño 3 puntos de ALFA LEVAL seminovo.

TLF: 982 144 078
(Divina - chamar ao mediodía ou noite)

Por abandono de ex-plotación:

-Rotativa de 1.65m

-Cistema 3300 L

-Circuito 3 puntos

-Tanque do frío de 550 L

TLF: 660-48-58-56

Zona de Boimorto

Remolque esparcidor de esterco (abonador) de 8 m3 ; 1.500€; ou troco por un mais pequeno.

TLF: 605 676 351. (Isidro)

Touro Lemousine moi dócil.

TLF: 615 414 106

-Remolque autocargador de forraxes con picador
-Marca POTTINGER, mode-lo EUROPROFI2.

TLF: 645 972 617

Can pastor alemán con pedigree.

TLF: 630-75.72.72

Empacadora BAYER. A máis estreita do mercado.

TLF: 649016125

Arado de tres regos, marca KHUN. En bon estado.

TLF: 690 828 935

Víño caseiro e augardente.

TLF: 986 689 486 (Ana)

-Sala de ordeño marca WESFALIA de cuatro pun-tos con descarga y lavado automático

-Dous medidores de tanque frío JAPI de 650 litros.

TLF: 982 / 52-74-06

Fanse traballos en pozos artesanos (limpezas, afon-dar, emparedar...) Presuposto sen compro-miso.

TLF.: 662 084 529

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Búscase traballador/a para explotación agraria. Zona entre Alto Xestoso e Xermade.

TLF: 627 950 681.

-Ofrécese peon para traba-llos agrarios e forestais.

-Fanse traballos de plantacións, podas, desbro-cos de fincas e montes.

TLF.: 686 753 105.

Ofrécese traballador para explotación.

TLF: 629 973 867

Procúrase parella para tra-ballar en explotación en Rois. Contrato indefinido.

TLF: 649 541 898 (Rafael)

COMPRAS

Silo de pienso con capaci-dade de arredor de 6000 Kg.
TLF: 986 58 40 70

Sementadora de patacas.
Telf: 981 66 92 50

OUTROS

Arréndase cota láctea, 30.000kg
TLF: 981 19 68 32
ZONA MONFERO

Arréndanse instalacións de explotación gandeira.
TLF: 981 622 950 - 685 180 025 - 675 720 485.
ZONA SADA

Cambio xenerador de 650 wátios por un máis potente.
TLF: 689 752 400

Fanse traballos de restau-ración de madeira en horre-os e vivendas (vigas, pun-tos,...)

Presuposto sen compro-miso.

TLF: 654 517 429 (JESÚS).

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada ou no correo electrónico premsa@sindicatolabrego.com. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

15
de abril

Mobilización do
sector leiteiro en Madrid

**PREZO XUSTO PARA O LEITE
E GARANTÍA DE RECOLLIDA**